



UNIDADE 5

Dixeches que o farías

Remita os seus alumnos á fotografía da portadiña e pregúntelles: **Quen credes que é esta persoa? Que está facendo?** A continuación, engada a pregunta: **Credes que o fai de boa gana?** Logo, explíquelles o significado da expresión que lle dá título á unidade.

Anímeos a pensaren nos motivos que puideron levar esta persoa a facer esta actividade ou cumprir un compromiso como este. Dirixa a conversa cara á posibilidade de que estea cumprindo un acordo previo, unha aposta ou unha promesa e aproveite para introducir expresións como **Prometérao, dixo/dixera que o faría...**

A continuación, preséntelles os obxectivos da unidade e a tarefa final: reclamar por algo co que non estamos de acordo por incumprir as expectativas.

Dixeches que o farías



comprender

1. TELEGA

Ler a presentación e a declaración de intencións dunha nova canle de televisión e opinar sobre a súa programación.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Aproveite esta actividade para dar a coñecer a cultura televisiva das canles que coñeza en lingua galega: no día da clase, traia xornais, revistas ou páxinas web impresas nas que figure a programación de distintas canles.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles aos seus alumnos se ven a televisión e que canles adoitan ver. Asegúrese de que comprenden a acepción da palabra canle referida á televisión. Pídalles que formen grupos de tres persoas e que conversen sobre as preguntas formuladas na actividade. Faga logo unha breve posta en común na clase escribindo no encerado os tipos de programas que nomean os seus alumnos.

Repártalle agora a cada grupo (ou a grupos máis grandes) os xornais, revistas ou páxinas web impresas e pídalles que observen a programación de televisión para ese día. Convídeos a observala e a escolleren os programas que lles parezan interesantes. Faga despois unha posta en común e pídale a cada un que xustifique a súa elección.

B. Explíquelles aos seus alumnos que TeleGA é unha nova canle de televisión e que no texto que aparece a continuación, extraído da súa páxina web, se presentan e describen os tipos de programas que propoñen. Refira as preguntas do enunciado e pídalles que lean o texto para respondelas.

Cando rematen a lectura, concédalles tempo para comentar as súas conclusións en parellas ou en pequenos grupos. Logo, mentres fai unha posta en común, vaia subliñando na lista de programas do encerado aqueles que aparecen na presentación de TeleGA e engadindo aqueles que aínda non estean na lista, se os hai.

2. PROGRAMACIÓN SEMANAL

Ler a programación dunha canle de televisión e decidir se responde ás intencións que se declararon na súa presentación. Elaborar a publicidade dunha canle ficticia.

ANTES DE COMEZAR

Explíquelles aos seus alumnos que nesta actividade van analizar a programación de TeleGA. Móstralles a

listaxe de programas que se encontra no encerado e pídalles que, en parellas, fagan unha lectura selectiva da programación para saber se os programas prometidos pola canle na súa presentación figuran efectivamente na súa grella actual. Para iso, anímeos a faceren suposicións acerca do contido dos programas a partir do seu título e da súa descrición.

Leve á clase para ese día fotocopias de anuncios de emisoras de radio ou de televisión extraídos de xornais, revistas ou páxinas web. Se non consegue modelos orixinais, pode fotocopiar os ficticios que lle proporcionamos na **ficha 10**.

PROCEDEMENTOS

A. Agora pídalles aos seus alumnos que, a partir dos resultados da súa primeira lectura, decidan se o tipo de programación responde ou non ás intencións declaradas na presentación de TeleGA. Deixe que volvan ler o texto da epígrafe A e que o comenten en parellas. Logo, propóñalles comentalo nunha posta en común. Para rematar, dígalles que se fixen outra vez na programación e pregúntelles que lle engadirían e que suprimirían para convertela na súa programación ideal.

Concédalles uns minutos para que o falen en grupos e, se o considera pertinente, pode ofrecerlles fotocopias da táboa que atopará na **ficha 11** ou debuxala no encerado.

B. Pregúntelles aos seus alumnos se lembran algún anuncio ou publicidade na prensa escrita dunha canle de televisión ou dalgunha emisora de radio. Se hai respostas afirmativas, pídalles que describan a publicidade. Se non, pase directamente a preguntarlles: **Como credes que debe ser a publicidade para soporte escrito dunha canle de televisión? Que elementos poden ou deben constar no anuncio?** Escoite as súas respostas e escriba no encerado todas as ideas que suxiran. É bastante probable que entre elas figuren, por exemplo, un slogan, unha imaxe rechamante do nome da canle ou relacionada con el, algunha frase apegadiza, un breve texto que resuma as principais intencións da súa programación, algunha palabra inventada etc. Asegúrese de que se mencionan polo menos todos estes aspectos e, de non ser así, complete vostede a listaxe.

Deseguida, repártalles as fotocopias dos anuncios que levou e pídalles que os analicen e comenten, en grupos ou parellas, se no seu contido figuran os aspectos listados no encerado. Centre a súa atención sobre o carácter apelativo que adoita ter a linguaxe publicitaria e explíquelles que se debe á intención do emisor de achegarse ao receptor e de influír no seu comportamento. Logo, faga unha posta en común na clase.

A continuación, dígalles que, cos mesmos compañeiros, van crear a publicidade de TeleGA que se publicará na páxina dun xornal. Dígalles que poden basearse nos exemplos que teñen ou creala noutro estilo, tendo en

conta que deben coidar que aparezan algunhas das características que acaban de analizar. Concédalles tempo para que a fagan e pídalle a cada grupo que lles presente a súa publicidade aos demais compañeiros.

E DESPOIS

Se traballa con estranxeiros, promova unha conversa sobre a televisión nos seus países de orixe con preguntas como: **A programación é moi distinta á dunha canle galega? Que tipos de programas predominan? Tedes unha franxa horaria semellante? Cal é o voso programa favorito?**

Se se atopa fóra de Galicia e os seus alumnos mostran curiosidade ou interese en coñecer algún tipo de programa en lingua galega, indíquelles as páxinas web das canles que coñeza para que poidan buscar e ver as emisións sempre que o desexaren.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 117, exercicio 1.



3. OS TELEPECTADORES RECLAMAN

Ler unha carta de reclamación. Observar frases que expresan relacións temporais e identificar o momento ao que se refiren. Reflexionar sobre as diferenzas entre dúas versións dunha mesma carta emitida a diferentes destinatarios. Analizar o emprego e a función de conectores discursivos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

O Defensor do Espectador é, nunha canle de televisión, a persoa responsable do exercicio da autocritica interna. A súa función consiste en recibir as queixas, dúbidas, reclamacións e suxestións dos espectadores e logo transmitirllas á dirección deste medio a través dun informe. Deste xeito, a dirección sabe da opinión da audiencia e decide os cambios que se deben facer na súa programación para mantela ou melloralas.

ANTES DE COMEZAR

Remita os seus alumnos ás conclusións ás que chegaron na actividade anterior acerca da programación de TeleGA. Se as conclusións foron que a programación non responde ás intencións orixinais, explíquelles que esta é tamén a opinión dun espectador que, enfadado, escribiu unha carta de reclamación ao departamento do Defensor do Espectador. Se as conclusións son que si responde ás intencións en gran medida, explíquelles que hai un espectador que non comparte a mesma opinión e, un ano despois do nacemento de TeleGA,

decidiu expresar o seu malestar nunha carta ao devandito departamento.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que lean a carta e sinalen os aspectos que máis lle molestan ao seu autor. Cando remataren, anímeos a contrastar os seus resultados cos dun compañeiro e faga despois unha posta en común na clase.

Solución

Os contidos non son galegos, senón unha copia dos programas das demais televisións.

A programación non é innovadora.

Os vídeos caseiros son aburridos.

O ton dos presentadores do telexornal é desenfadado e pedante.

O humor dos magazines e dos concursos é de trazo groso.

O contido machista dalgúns programas.

B. Dígalles aos seus alumnos que volvan ao texto e que se fixen nas frases subliñadas. Explíquelles que son oracións que, nun período complexo, sitúan no tempo a acción da oración principal e pídalles que identifiquen as que se refiren ao presente, ao pasado e ao futuro. Concédalles uns minutos para que o fagan, individualmente, e cando rematen leve a cabo unha posta en común.

Solución

Presente: ... cando preparan a grella de TeleGA?
... mentres os rapaces merendan...

Pasado: ... cando vostedes dixeron e se publicitaron como unha canle galega...

Futuro: ... cando cumpriren de veras todo o que prometeron...

A continuación, pídalles que observen o período completo no cal se insire cada unha destas oracións e que identifiquen a forma verbal da oración que a acompaña en cada caso (a oración principal). Se lle parece necesario, debuxe no encerado unha táboa coma a da **ficha 12** e complétea coa axuda dos alumnos.

Logo, pídalles que volvan mirar detidamente as combinacións de tempos verbais entre a oración principal e a temporal na táboa do encerado e que, en parellas, pensen noutros exemplos de oracións nas cales se aluda a referencias temporais. Indíquelles que, á parte dos conectores que viron no texto, a referencia temporal tamén se pode introducir con **en canto, tan pronto como, ao, ata (que)**... e déalles un ou dous exemplos.

Dígalles que deben discutir as posibles formas de combinar os tempos verbais e facer polo menos dúas frases. Logo, propóñalles unha posta en común para asegurarse de que todas as súas frases sexan correctas. Se ao final non saen todas as combinacións posibles, exemplifíqueas vostede e, logo, remita os seus

Dixeches que o farías

alumnos á epígrafe “Correlación das formas verbais nas construcións temporais” da sección CONSULTAR, na páxina 62.

Se o considera necesario, pode realizar a seguinte actividade de sistematización e reforzo. Facíltelles aos seus alumnos unha fotocopia da folia de traballo que lle ofrecemos na **ficha 13** e pídalles que, por unha banda, clasifiquen as frases segundo se refiran ao pasado, ao presente ou ao futuro e, por outra, completen as columnas restantes. En canto rematen, faga unha corrección entre todos.

C. Coméntelles aos seus alumnos que a mesma espectadora decidiu enviarlle ao director de TeleGA a mensaxe anterior. Pídalles que, sen leren o segundo texto, observen os dous documentos e digan que diferenzas pode haber entre eles. É bastante probable que fagan referencia, polo menos, ao formato e á extensión. Dígalles que, individualmente, lean o texto e que o comparen co da mensaxe da epígrafe A. Cando vexa que teñen a actividade rematada, pídalles que discutan as súas respostas cun compañeiro. Concédalles uns minutos e faga, deseguida, unha posta en común.

Solución

Teña en conta que, en principio, se trata dunha actividade bastante aberta, polo que non hai unha clave concreta de resposta. De todos os xeitos, facilítanse a continuación algunhas suxestións.

O formato: o primeiro texto é unha mensaxe electrónica e o segundo, unha carta formal. Isto implica diferenzas entre os dous documentos en canto á distribución do contido en parágrafos e ao tipo de marxe empregada.

O rexistro: no primeiro texto, malia predominar un rexistro formal, a función da linguaxe é máis apelativa e directa. Os temas ou argumentos son enunciados case sen transición entre eles, aínda que dentro dunha orde, ilustrando perfectamente a protesta e a reivindicación que representan. Na carta, os argumentos da remitente vanse introducindo máis pausadamente, cunha presenza maior de conectores e un vocabulario máis culto ou rebuscado. Ademais presenta un grao de formalidade maior no xeito de comezar e de rematar a carta. Aínda que tamén represente unha reclamación, o ton menos desenfadado e a orientación que a remitente lle deu a este segundo documento fan que o seu discurso invite á reflexión e non se limite unicamente a reivindicar e a protestar.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 118, exercicio 2.A. e 2.D.

D. Pídalles aos seus alumnos que se fixen nos organizadores discursivos que van en grosa no texto da epígrafe C e pregúntelles se saben para que se empregan. Anímeos a que fagan hipóteses e acepte todas as que sexan válidas, apuntándoas no encerado. Ao final, faga unha síntese na cal quede claro que **os organizadores discursivos serven para expresar relacións de diferentes significados entre as**

unidades ou para enlazar as ideas nun texto. Son moi necesarios na comunicación, xa que se utilizan para orientar e/ou estruturar as ideas da persoa que fala ou escribe.

A continuación, dígalles que estes organizadores desempeñan varias funcións. Móstralles as que van nas táboas que figuran nesta actividade e dígalles que, individualmente, deben colocar cada un dos elementos destacados na carta na columna máis axeitada, segundo a súa función. Déalles uns minutos e logo dígalles que comparen a súa clasificación coa dun compañeiro. Para rematar, corríxao nunha posta en común.

Solución

Ordenar: *antes que nada, asemade, por último, dito isto*

Expresar causa: *xa que, posto que*

Concluir: *en conclusión*

Expresar consecuencia: *por conseguinte*

Matizar: *de feito*

Expresar contraste: *aínda que, malia que*

Exemplificar: *como exemplo*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 118, exercicio 2.B. e 2.C.

4. LINGUAXE PUBLICITARIA

Relacionar slogans de anuncios publicitarios cos seus respectivos produtos, identificar as técnicas de persuasión que utilizan e elaborar un slogan alternativo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Na publicidade comercial, que é a que se presenta na actividade, a linguaxe publicitaria ten dous grandes obxectivos: presentar un produto e intentar vendelo, introducindo varias connotacións positivas que fagan a súa adquisición máis desexable. Para iso utilízase a persuasión, que se caracteriza pola intención do emisor de producir un efecto no receptor: inducilo ao consumo dun determinado produto ou marca.

Para ser orixinal e innovadora, a linguaxe publicitaria emprega un amplo abano de recursos lingüísticos, o que a aproxima ás veces á linguaxe literaria. Algúns dos trazos lingüísticos máis frecuentes atopados nas mensaxes publicitarias son: **emprego da segunda persoa do singular ou da primeira do plural, interrogacións retóricas, formas imperativas, metáforas, comparacións, dobres sentidos, hipérboles, paradoxas, aliteracións, rimas, serie de adxectivos, tecnicismos, estranxeirismos, neoloxismos, expresións coloquiais ou populares e frases nominais** (sen verbos).

O slogan, ou frase publicitaria, é un enunciado breve e moi expresivo que emprega o anunciante para definir ou identificar o seu produto. Serve para reforzar a mensaxe, creando un lema suxestivo e apegadizo que o receptor poida recordar con facilidade e relacionalo inmediatamente co produto.

ANTES DE COMEZAR

Chame a atención dos seus alumnos sobre o título da actividade e pregúntelles se poden definir ou identificar a linguaxe publicitaria e os elementos ou as características que a compoñen. Anímeos a que fagan hipóteses e apunte no encerado todas as suxestións válidas. Se ao final non se mencionan as características que se indican en “Observacións previas”, resuma vostede a información e asegúrese de que todos teñan unha definición clara e correcta do concepto.

Se lle parece conveniente, escriba no encerado as características máis frecuentes da linguaxe publicitaria (que van en grosa na sección anterior).

A continuación, escriba, por outra banda, os slogans que aparecen na epígrafe A e pregúntelles aos seus alumnos cales desas características poden identificar neles. Logo, asegúrese de que non teñen o libro aberto e pregúntelles con que produtos ou campañas publicitarias cren que están relacionados os slogans. Acepte todas as suxestións, pero non lles dea a clave, posto que se aclarará no desenvolvemento do seguinte paso.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que abran o libro na páxina 61 e que se fixen nos slogans do cadro amarelo. Lémbrelles que son os mesmos que acaban de ver no encerado e que no cadro branco de máis abaixo están as campañas ás que fan referencia. Dígalles que, individualmente, deben relacionar cada slogan cunha das campañas ou produtos. Nese momento, tamén poderán comprobar se as súas suxestións no encerado eran acertadas. Cando rematen, pídalles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro e, deseguida, faga unha posta en común.

Solución

Obtén un pura sangue: *coche de alta gama*

Cos pés no chan: *plan de pensións*

Todos iguais, todos diferentes: *integración de persoas con discapacidades*

Nas mellores mans: *unha marca de xoias*.

B. A continuación, dígalles que, en parellas, discutan o significado que pode ter cada unha das frases e a técnica de persuasión que empregou o emisor en cada caso. Recórdelles o concepto de persuasión e poña un exemplo se for necesario. Déalles uns minutos para que o fagan e, logo, corríxao entre todos.

Despois, propóñalles aos seus alumnos que, en grupos de tres ou catro, elaboren un slogan alternativo para cada un dos vistos en A, pero sen deixar de ter en conta os produtos ou campañas cos que se relacionan. Concédalles tempo para que o fagan e cando remataren pídalles que lles presenten os seus slogans aos demais compañeiros. Se o considera interesante, poderán logo, entre todos, votar e elixir o mellor slogan para cada caso.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 119, exercicio 3.

5. É UN FUXEFUXE

Aprender e reflexionar sobre algúns mecanismos para a formación de adxectivos cualificativos. Identificar formas de expresar a involuntariedade.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos que palabras empregarían para cualificar unha persoa que nunca cumpre o que promete e ás veces incluso o esquece. Acepte as respostas que lle dean, sempre que sexan pertinentes, e recórdelles que se trata de adxectivos cualificativos. Apúnteos no encerado e, se ao final non xorden exemplos como **mentireiro**, **esquecedizo** ou **distráido**, pónaos vostede mesmo.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus alumnos que en cada unha das seguintes frases se fala dunha terceira persoa e se empregan adxectivos para cualificala. Pídalles que identifiquen e subliñen o adxectivo en cada caso. Cando rematen, faga unha corrección entre todos e asegúrese de que entenden o significado dos adxectivos identificados. Logo, escribaos no encerado, en distintas columnas: *cara lavada*, *teimoso*, *insociable*.

A continuación, dígalles que, en parellas, discutan como se formou cada un dos devanditos adxectivos. Pregúntelles, por exemplo, con que outras palabras os poden relacionar e que cambios ou diferenzas presentan en relación con elas. Déalles uns minutos e, logo, faga unha posta en común, deixando claro no encerado os tres procesos de formación de palabras implicados. Aproveite este momento e inclúa na columna máis axeitada os adxectivos que achegaron na epígrafe “Antes de comezar”.

Solución

cara lavada – *composición*; *teimoso* – *sufixación*; *insociable* – *prefixación*

B. Dirixa agora a atención dos seus alumnos á lista de adxectivos e explíquelles que todos (*agás festeiro*) se poden empregar para expresar un xuízo negativo sobre unha persoa. Asegúrese de que todos coñecen o seu significado e aclare o que faga falla. A continuación, dígalles que, individualmente, deben observar cada palabra da lista e descubrir con que outra palabra se relacionan. Logo, deben distribuílas en distintos grupos, de acordo co proceso de formación de palabras que comparten (prefixación, sufixación ou composición). Cando remataren, dígalles que comparen os seus grupos de palabras cos dun compañeiro e, logo, duns minutos, faga unha corrección entre todos. Marque ou subliñe os afixos no encerado e asegúrese de que todos sexan capaces de recoñecelos. Así mesmo, móstralles por separado os termos que forman as palabras compostas.

Dixeches que o farías

Solución

Formadas por prefixación
<i>desconsiderado/a</i> <i>inxusto/a</i> <i>desorganizado/a</i> <i>impaciente</i> <i>irresponsable</i> <i>desaxeitado/a</i>
Formadas por sufixación
<i>abusón/ona</i> <i>mentireiro/a</i> <i>fachendoso/a</i> <i>altivo/a</i> <i>festeiro/a</i>
Formadas por composición
<i>malfalado/a</i> <i>comecartos</i> <i>falabarato</i> <i>fuxefuxe</i>

Pídalles agora aos seus alumnos que, coa mesma parella, intenten ampliar a lista engadíndolle polo menos un exemplo máis a cada columna. Se lle parece pertinente, remítaos á epígrafe “Formación de cualificativos” da sección CONSULTAR, na páxina 62, para que poidan esclarecer calquera dúbida ou buscar máis exemplos. Antes de pasar á seguinte epígrafe, dispóñase a coñecer todas as palabras que sumaron á lista, facendo as correccións necesarias.

C. Dígalles aos seus alumnos que as seguintes frases se completan cun adxectivo cualificativo. Pídalles que, individualmente, escollan na lista da epígrafe anterior o adxectivo máis axeitado para completalas en cada caso. Advírtaos de que, nalgúnhas delas, pode ser válido máis dun adxectivo. Concédalles uns minutos e, en canto rematen, faga unha posta en común.

Solución

1. *abusón/inxusto*; 2. *fuxefuxe*; 3. *desconsiderado(a)/impaciente*; 4. *mentireira*; 5. *festeiro*; 6. *desorganizado/irresponsable*

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 119, exercicio 4 e 5.

D. Aproveite para chamar a atención dos seus alumnos sobre as dúas formas de expresar a involuntariedade da acción. Pídalles que as localicen na frase 6 da epígrafe anterior e que, cun compañeiro, comenten en que consisten e intenten poñer outros exemplos. Se percibe que teñen dificultades para identificalas, axúdelles para que logo leven a cabo o resto da actividade. Déalles uns minutos para que o fagan e, logo, propoña unha corrección entre todos. Para rematar, escoite os exemplos que suxeriron, asegurándose de que todos estean correctos.

Solución

A primeira das formas consiste no emprego dunha oración pronominal na que o obxecto se converte en suxeito da acción verbal e a persoa, acompañada do pronome de obxecto indirecto, se presenta como receptora involuntaria desa acción.

... *lle desaparecen os papeis importantes*

A segunda forma consiste no emprego do verbo co pronome se para presentar o proceso ou o resultado dunha acción sen aludir á intervención de ningunha persoa.

... *a súa axenda pérdese a miúdo*.



practicar
e comunicar

6. AUDIOVISUAL GALEGO

Ler un texto, escoitar a entrevista que lle deu orixe e engadirle máis informacións. Identificar verbos que introducen discursos nun texto e buscalles sinónimos.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

O Clúster Audiovisual Galego é unha coalición de 49 compañías que configuran a industria audiovisual galega, as máis innovadoras do sector en canto ao proceso de produción e distribución de produtos audiovisuais e de novas tecnoloxías. Son 49 empresas decididas a aumentar os seus negocios a través da mutua cooperación para o desenvolvemento de proxectos empresariais que convertan a Galicia nunha importante referencia da industria audiovisual.

ANTES DE COMEZAR

Remita os seus alumnos ao título da actividade e pregúntelles que significa. Se non contestan, ánimoos a faceren hipóteses sobre o tipo de cousas co que pode estar relacionado. Acepte as alternativas que indiquen, pero asegúrese de que entendan que se trata dun **conxunto ou arquivo das producións artísticas que combinan son e imaxe realizadas ou dobradas en lingua galega e sempre relacionadas co contorno galego**. Explíquelles, ademais, que esas producións abranguen unha ampla variedade de traballos: longametraxes, curtametraxes, documentais, reportaxes, filmes de animación ou bandas deseñadas, entrevistas, docuseries, teleseries etc. O audiovisual galego non só recompila todas as producións, senón que tamén arquiva a súa ficha técnica e varios datos ou comentarios publicados sobre elas. Así mesmo, rexistra información relacionada cos profesionais implicados neses traballos, divulga e informa as novidades nese ámbito.

PROCEDEMENTOS

A. Preséntelles a actividade aos seus alumnos e móstralles a foto de Antón Reixa que aparece no texto. É bastante probable que algúns deles o coñezan e pode

aproveitar para preguntarlles se viron algún dos seus traballos, se saben se na actualidade participa nalgún programa de televisión etc. Se non saben, extraia os datos máis relevantes da súa biografía que se ofrece na mesma páxina e coméntellelos.

A continuación, pídalles que lean o texto individualmente. Concédalles o tempo necesario para que o fagan e asegúrese de que non teñen ningunha dúbida de vocabulario e/ou estrutura. Deseguida, explíquelles que van escoitar a entrevista na que o xornalista se baseou para escribir o texto. Deben intentar recoller, polo menos, tres informacións que non figuran nel. Poña a audición unha vez e pídalles que comparen as súas respostas coas dun compañeiro. Se nota que teñen dificultades en completar a tarefa, volva poñer a audición para que o fagan. Para rematar, faga unha posta en común, aclarando os resultados.

Solución (suxestión)

1. *As longametraxes, os telefilmes e os documentais supoñen unha programación a medio prazo para as cadeas, xa que antes da emisión en televisión teñen que respectar o tempo de estrea en sala e o de distribución en DVD.*
2. *A dotación dos 5% dos ingresos das televisións para a produción cultural é unha obriga legal e non ten nada que ver cos orzamentos ordinarios de explotación da tele.*
3. *O decálogo de prioridades presentado á Xunta tamén falaba dunha segunda canle.*
4. *A falta de orzamentos anterior á dotación xa comezaba a afectar a actividade do sector audiovisual.*

B. Indíquelles que algúns verbos que aparecen no texto introducen o discurso de Reixa ou explican o sentido das súas declaracións. Pídalles que volvan ao texto da epígrafe A, identifiquen eses verbos e, logo, propoñan un sinónimo para cada un deles. Cando rematen, dígalles que poden comparar os sinónimos que suxeriron cos que propuxo un compañeiro. Concédalles un par de minutos e faga unha corrección entre todos, asegurándose de que todos os sinónimos que propuxeron son válidos e axeitados para os respectivos contextos.

Solución

Verbos	Sinónimos (suxestións)
expresou afirmou lembrou insistiu concluía	declarou asegurou recordou fixo fincapé rematou, finalizou

E DESPOIS

Se os seus alumnos mostraron interese pola información que lles facilitou sobre o audiovisual galego

e os tipos de producións mencionadas, indíquelles que poden procurar nun buscador de Internet a páxina web do audiovisual.

7. PUBLICIDADE ENGANOSA

Ler unha serie de anuncios e comentar as expectativas que xeran. Inventar, a partir dun anuncio, un motivo para sentirse enganado.

ANTES DE COMEZAR

Léalles aos seus alumnos o título da actividade e pregúntelles: **Sabedes que é a publicidade enganosa? Algunha vez vos enganaron coa publicidade?**

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus alumnos que algunhas persoas toman as mensaxes publicitarias moi **ao pé da letra**. Escriba esta expresión no encerado, explíquelles se for necesario, e ofrezca algúns sinónimos como **literalmente** ou **de maneira estrita, tal e como se expresa**. Pídalles que lean os anuncios que hai a continuación e que valoren se poderían consideralos publicidade enganosa. Pregúntelles que falsas expectativas poderían xerar en cada caso. Deixe que o comenten en parellas ou pequenos grupos e faga despois unha posta en común.

B. Agora, pídalles aos seus alumnos que, en parellas, escollan un anuncio. Un deles deberá pensar nun motivo polo cal se podería sentir enganado e o seu compañeiro deberá poñerse na situación da empresa ou do produto do que se fai a publicidade. Logo, ánimeos a representaren os seus diálogos.

8. A GRAN FINAL

Ler un texto sobre un concurso de televisión e decidir se lles gustaría participar nel. Facerlles unha serie de recomendacións a dous concursantes que participan nun concurso de televisión cuxo obxectivo é cambiar de vida.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Esta actividade e a seguinte forman un só bloque, polo que lle recomendamos realizalas na mesma sesión.

ANTES DE COMEZAR

Propicie entre os seus alumnos unha breve charla sobre o xénero televisivo coñecido como *reality show*. Para isto, pregúntelles: **Sabedes o que son os *reality shows*? Hai algún famoso no voso país? Védelo ou xa vistes algún? Que opinión tendes sobre este tipo de programas?**

PROCEDEMENTOS

A. Explíquelles aos seus alumnos que no texto aparece unha descrición dun programa deste estilo: *Quen cumpre, gaña*. Pídalles que lean o texto con atención e subliñen as informacións máis relevantes para decidir se quixerían participar nun concurso dese tipo. Se o

Dixeches que o farías

considera conveniente, pode ofrecerlles as seguintes preguntas como guía para a lectura.

En que consiste o concurso?
Cantos participantes hai?
Como se decide o gañador?
Cal é o premio?

B. Indíquelles aos seus alumnos que os concursantes do programa son Lois e Sonia. Pídalles que lean os seus perfís e que, en grupos de catro persoas, elaboren unha lista de cinco medidas que podería tomar cada un para mellorar a súa vida. Concédalles uns minutos e propoña logo unha posta en común. En principio, todas as respostas son válidas, sempre que non sexan incoherentes co perfil dos concursantes.

9. QUEN CUMPRE, GAÑA

Simular a final dun concurso de televisión na que todos votan para elixir o gañador. Escribir unha carta de reclamación.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus alumnos que a continuación van ver unha serie de propostas que fixeron os psicólogos e os amigos dos concursantes Lois e Sonia. Infórmeos de que as propostas están mesturadas e, cos mesmos compañeiros da actividade anterior, teñen que asignarlle cada unha delas ao concursante que mellor lle acaia. Anímeos a compararen as propostas da actividade coas das listas que fixeran previamente para ver se coinciden con algunhas recomendacións. Ao final faga unha posta en común para asegurarse de que todos entenderon ben a actividade.

Solución

Sonia: 2, 5, 7, 8.

Lois: 1, 3, 4, 6, 9, 10, 11.

B. Explíquelles aos seus alumnos que van escoitar unhas testemuñas que falan sobre os concursantes e deben valorar ata que punto cumpriu cada un o que lle fora proposto. Facilítelles as táboas da **ficha 14** e pídalles que a vaian completando mentres escoitan.

De non conseguiren completar o cadro cunha soa audición, pónallela outra vez para que o fagan. Cando rematen, faga unha corrección entre todos.

Solución

Sonia

Cumpriu: *coidar os peixes, ir á clase de solfexo e música, preparar pratos saudables.*

Non cumpriu: *ler os libros (ben).*

Lois

Cumpriu: *frecuentar un grupo de excursionismo (aínda que non se relacionase con ninguén), usar roupas doutras cores, asistir ao curso de baile, falar con algunhas persoas.*

Non cumpriu: *aceptar plans imprevistos, saltar horarios fixos, sorrir.*

Propóñalles aos seus alumnos que discutan no mesmo grupo cal dos concursantes cumpriu mellor as propostas que lle fixeron. Concédalles uns minutos e, logo, dígalles que van facer unha votación individual para elixir o gañador do concurso. Pode escoller entre dúas alternativas para facelo: con voto oral (aberto): escriba no encerado os nomes dos concursantes; pregúntelle directamente a cada estudante a quen lle dá o seu voto e anóteo no lugar correspondente. Así mesmo, pode optar polo voto escrito (secreto): distribúalles aos alumnos un papeliño e dígalles que deben escribir nel o nome do concursante que consideren gañador. Recóllaos e vaia apuntando no encerado os votos para cada concursante.

C. A continuación, dígalles aos estudantes que imaxinen que a escolla do gañador a fíxese un suposto tribunal. Pídalles que, individualmente, se coloquen no lugar do concursante que perdeu e que non está de acordo co resultado. Así, cadaquén debe escribir unha carta de reclamación dirixida ao xurado, na que expón o seu desacordo e argumenta o seu razoamento.

Indíquelles que, se o necesitan, tamén poden volver á actividade 3 e á sección CONSULTAR desta unidade para obteren axuda en canto a formato, estrutura e recursos lingüísticos empregados nese tipo de carta. Logo, concédalles uns vinte minutos para que o fagan. Cando remataren, recolla as súas cartas para facer a corrección e devólvallelas na clase seguinte.



10. TELENOSTALXIA

Ler un texto sobre a historia da Televisión de Galicia e comentalo. Comparar a programación de dúas grellas da TVG en dúas datas distintas e detectar os cambios nos gustos dos telespectadores.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Vivir aquí é un programa divulgativo que está baseado en feitos reais e se emite coa participación da cidadanía, que pode deixar unha mensaxe nun contestador da TVG ou enviar á súa páxina web as fotos e/ou vídeos que queira. Seguíase emitindo no momento da grella indicada na actividade para o ano 2008, aínda que non figure nela, probablemente polo feito de que non coincidía co día de emisión. A continuación, achégase unha breve información sobre o tipo dalgúns programas.

Mira de axuste (para axustar as cores do televisor. Non se trata dun programa.)

Bos días (informativo: telexornal)

Venres show (programa musical)

O tragaluz (magazine cultural)

Remate (peche programación)

Natureza (divulgativo: reportaxes relacionadas co contorno natural galego)

Pillados (programa de cámara oculta)

Alalá (divulgativo: folk ou música tradicional galega)

Hai debate (informativo: debates sobre temas da actualidade)

A sentinela (relixioso: espazo dedicado á relixión católica)

ANTES DE COMEZAR

Pídalles aos seus alumnos que manteñan os seus libros pechados e pregúntelles que entenden por **telenostalxia**. Se nota que teñen dificultades en contestar, pregúntelles cal é o significado da palabra **nostalxia** por separado. É bastante probable que algúns deles sexan capaces de respondelo. Se non o fan, acláreo vostede e volva preguntarlles polo significado do título da actividade. Agora si, é practicamente seguro que saberán explicar que é o sentimento de nostalxia relacionado coa televisión, é dicir, o feito de botar de menos algún(s) programa(s) que había no pasado nalgunha grella televisiva e que no presente xa non se emite(n). No caso de que non o digan, fágao vostede, asegurándose de que todos o entendan perfectamente. A continuación, pregúntelles se asocian algún momento ou período da súa vida a algún programa de televisión.

PROCEDEMENTOS

A. Pregúntelles se ven moito a Televisión de Galicia. Aproveite para remitilos á grella televisiva que viron na actividade 2 (na sección COMPRENDER) e pregúntelles que tipo(s) de programas adoitan ver na devandita canle. Tome nota do que vaian mencionando no encerado. Deseguida, pregúntelles se lembran con nostalxia algún programa que xa non se emite. Se os seus alumnos son estranxeiros e non coñecen a TVG, explíquelles que se trata dunha televisión autonómica de Galicia, a primeira canle que emitiu en lingua galega, e anímeos a falaren da programación que botan de menos nunha canle que coñezan do seu lugar de orixe. De todos os xeitos, aproveite a oportunidade para indicarlles que na páxina web da TVG poden ver todos os programas que forman parte da súa grella. A continuación, pregúntelles que saben da historia da TVG. Pódelles axudar con preguntas do tipo: **Cando estreou?** ou **Que programas emitía?** etc. Apunte no encerado o que digan para logo contrastalo coa información do texto.

B. Agora pídalles que abran o libro na páxina 67 e que, individualmente, lean o texto e subliñen toda a información que lles pareza curiosa ou relevante. Cando rematen a lectura, dispóñaos nun gran círculo (se o número de alumnos e o espazo llo permitiren) e invíteos a comentaren os aspectos que máis lle chamaron

a atención (o que subliñaron durante a lectura).

Aproveite ese momento para contrastar a información do encerado que proporcionaron na epígrafe A coa que se atopa no texto e, no caso de que haxa algunha equivocación, corríxa.

C. Dígalles que a continuación dispoñen de dúas grellas da TVG, correspondentes a dous momentos diferentes, entre os cales hai un intervalo de 20 anos. Pídalles que, en grupos de tres, se fixen nos tipos de programas dominantes en cada unha para diferencialas e así constataren os cambios que cren que ocorreron nos gustos dos telespectadores galegos. Se teñen dúbidas sobre o tipo dalgún dos programas da grella, axúdelles a aclaralas. Para rematar, faga unha posta común na que todos poidan comentar as mudanzas que observaron.

11. XORNALISMO E LITERATURA

Ler un texto e discutir sobre os problemas que se tratan nel. Decidir cal é a mensaxe do texto e argumentar a súa opinión.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos que cren que hai de común entre o traballo dun xornalista e o dun escritor. Acepte como respostas as informacións que acheguen, sempre que sexan coherentes. Logo, pregúntelles se coñecen algún escritor galego que tamén colabora ou colaborou coa prensa escrita. Se non mencionan ningún e o considera pertinente, coméntelles algúns dos seguintes exemplos: Manuel Curros Enríquez (1851 - 1908), Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao (1886 - 1950), Álvaro Cunqueiro Mora (1911 - 1981), Celso Emilio Ferreiro (1912 - 1979), Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938). Ao final, mencione a Carlos Casares, destacando os datos máis relevantes da biografía que se ofrece na actividade.

PROCEDEMENTOS

A. Dígalles aos seus alumnos que a continuación van ler un artigo de Carlos Casares. Pídalles, primeiramente, que se fixen na imaxe e no título do texto do lado e que fagan hipóteses sobre que problema ou cuestión social se pode atopar nel. Acepte as respostas que lle digan e apúnteas no encerado. Logo, pídalles que lean o artigo, individualmente. Cando remataren a lectura, dígalles que formen parellas ou grupos de tres e comenten cos compañeiros os problemas actuais que se atopan (directa ou indirectamente) no texto. Así mesmo, infórmeos de que cada un debe dicir cal é a principal mensaxe que transmite o texto e argumentar ante os compañeiros do grupo a súa opinión. Despois, faga unha posta en común para que todos manifesten o seu punto de vista.

B. Pregúntelles aos seus alumnos como era o primeiro televisor que lembran. Se lle parece pertinente, comece

Dixeches que o farías

vostede falando do seu (pode inventalo) e anímeos a que o sigan facendo por quendas. Pregúntelles tamén polas innovacións no ámbito audiovisual que máis lles chaman a atención, e dígalles que non se limiten á información do artigo de Casares que acaban de ler, senón que tamén teñan en conta todas as novidades introducidas no devandito ámbito ata o momento no que están realizando esta actividade. Se o desexa, pode completar a tarefa, pedíndolles que comenten tamén o que ven de positivo e de negativo neses novos recursos. Para rematar, propóñalles unha posta en común.